

Sra. Conselleira,

A Unión Sindical de Inspectores de Educación USIE-GALICIA, único sindicato profesional da inspección de educación, coa finalidade de ofrecer un bo servizo a comunidade educativa con eficacia e ante o malestar pola xestión durante o COVID trasladámoslle as seguintes **CONSIDERACIÓNS**:

1.- O día 9 de maio publícase no DOG a Resolución do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 (DOG núm. 89, do 9 de maio). O ámbito de aplicación indica que as previsións contidas no presente protocolo resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais da Xunta de Galicia, agás no ámbito educativo, sanitario e sociosanitario. Esta resolución inclúe ao persoal funcionario da inspección educativa, toda vez que non é persoal que teña o seu posto de traballo nos centros educativos, é dicir, non é persoal educativo.

Posteriormente, na tarde do venres, 22 de maio de 2020, publícase no Portal Educativo da Consellería de Educación a Resolución, asinada por vostede mesma como conselleira de educación ás 17:36 horas, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, determínanse as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería. Esta resolución, que contempla o reinicio da actividade lectiva o luns, 25 de maio de 2020, no epígrafe 2.4 da instrución segunda “Determinacións para o profesorado que retornará ao centro de xeito presencial” regula que “O persoal do corpo da inspección educativa retornará a actividade presencial de conformidade con previsto

no protocolo de prevención”. Nesta ocasión ao corpo de inspección educativa si se lle deu a consideración de pertencer ao ámbito educativo e tratouse coa mesma consideración que o resto de profesorado.

Este dobre tratamento ao persoal do corpo de Inspectores de Educación repítese con demasiada frecuencia. A *Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e a *Orde do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006* (DOG núm. 41, do 1 de marzo) regula os permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao servizo da Administración educativa da Xunta de Galicia. Sen embargo decidiuse que os permisos do persoal do corpo da inspección educativa tramitaríanse a través da aplicación Portax, equiparando “de facto” ao persoal da inspección educativa co resto de funcionarios e funcionarias que traballan no ámbito dos servizos administrativos da Xunta de Galicia.

Esta dualidade asimilando o corpo de inspección a un colectivo ou a outro segundo o interese de cada momento crea incoherencias, contradicións e malestar en todo o persoal da inspección educativa.

2.- Nos últimos anos observamos como dende a Consellería non se pon en valor o traballo do persoal da inspección educativa, a acumulación de anos de experiencia docente, a superación dunha unha segunda oposición, o dominio da lexislación educativa para converterse no único persoal técnico coñecedor da realidade nos centros, cos que esta en contacto a diario para supervisar, asesorar e avaliar.

Nestes anos a Consellería que vostede dirixe non solo non conta coa achega do corpo de inspección educativa na toma de decisión para legislar ou xestionar senón que a ignora e anula incluso algunha das súas funcións como a do asesoramento. Exemplo disto foi toda a xestión do período de confinamento no que vostede e o seu

equipo se reuniu semanalmente cos representantes da Xunta Autonómica de Directores e ignorou totalmente ao corpo de inspectores. Con este proceder puxo nunha situación moi difícil aos profesionais do Servizo de inspección educativa toda vez que os centros recibiron con inmediatez un resumo, non oficial, de ditas reunións co descoñecemento dos propios inspectores dos centros, que asesoran tecnicamente e fundándose na normativa vixente e instrucións da Consellería, creando un gran desconcerto. Por esta causa non sei garantiu o adecuado e necesario asesoramento aos equipos directivos e ao conxunto da comunidade educativa, dificultando así unha eficaz aplicación das normas e instrucións. Isto veu ocorrendo cada vez que os órganos de goberno da Consellería reuníanse coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras.

Non acabamos de ver claro como este proceder pode encaixar nas funcións que ten atribuídas a Xunta Autonómica de Directores e Directoras, isto é, asesorar e ser un órgano consultivo para a toma de decisións da propia Consellería. Detúrpase así o sentido propio do funcionamento deste órgano, e usase para daren instrucións aos centros, deixando ao marxe á inspección educativa.

Algo similar ocorre con correos masivos remitidos aos centros dende a dirección nonresponder@edu.xunta.gal, sen coñecemento da inspección e non asinados por ninguén, e que o persoal dalgúns centros cuestionou como fraudulentos acudindo a inspección educativa para darlle credibilidade.

En troques a Consellería utiliza o Servizo de Inspección Educativa para, dun xeito precipitado, preguntar as direccións dos centros cantos alumnos accederon ao inicio da xornada durante unha folga ou durante o estado de alarma. Isto supón relegar a Inspección Educativa, un corpo técnico, como mero recolledor de datos para a Subdirección Xeral correspondente, sen aportar valor engadido algún.

Tamén se reuniu vostede con ANPAS e sindicatos da función pública docente pero excluíu en todo momento a este sindicato, que a pesares de non ter representación na mesa sectorial si ten a porcentaxe máis alta en relación ao número de membros do colectivo representado.

A pesares das queixas arriba indicadas é vontade deste colectivo técnico cooperar na xestión e mellora da calidade educativa, por elo, a Unión Sindical de Inspectores de Educación en Galicia (USIE Galicia) quere facer as seguintes **DEMANDAS**:

1. Reincorporación da Inspección educativa ao traballo presencial de maneira uniforme e con regras claras, con iguais criterios para todas as sedes de inspección.
2. Realizar de realizar as modificacións normativas necesarias para recoñecer o teletraballo para a Inspección de Educación á vez que se ha de quedar regulado nos Plans de Inspección futuros para determinadas tarefas, e non so nas situacións de pandemia.
3. Traslado a Inspección Educativa de toda a información ou instrucións comunicadas a calquera colectivo da comunidade educativa como paso previo para a súa difusión, implementación e supervisión. Deste xeito evitaríase o malestar xerado nos centros e na inspección educativa.

Con estas consideracións e propostas, desde USIE GALICIA, queremos deixar clara nosa disposición a colaborar coa Consellería, e ofertamos como corpo técnico o participar en próximas reunións co fin de dar a mellor resposta posible á situación actual e vindeiras.

Vigo, 4 de xuño de 2020

Comité Executivo USIE Galicia



Sra. Conselleira de Educación, Universidade e FP